



CIENCIAS DA NATUREZA

1.- Escribe alomenos dúas diferencias entre unha célula procariota e unha célula eucariota.

PROCARIOTA 	EUCARIOTA 
Teñen o material xenético libre no citoplasma e moi pouco tipos de orgánulos.	O seu material xenético está encerrado nun orgánulo con membrana chamado núcleo e os seus orgánulos son variados e numerosos.
Teñen unha parede rixida arredor da membrana.	Algunhas destas células teñen unha parede rixida arredor da membrana e outras non.

2.- Debuxa unha célula nomeando as súas partes.



3.- Escribe algún exemplo de ser vivo pluricelular e que non teña tecidos.

- Certas algas macroscópicas, fungos e esponxas.

5.- Todos os seres pluricelulares con tecidos teñen órganos? Xustifica a túa resposta con algún exemplo.

- Non. Os mofos ou os cnidarios (pólipos e augamares) teñen tecidos, pero estes non chegan a formar órganos.

CIENCIAS DA NATUREZA

6.- Relaciona as imaxes.

- Alga unicelular
- Mofo
- Lique
- Cogomelo
- Protozoo
- Alga pluricelular



7.- Se buscásemos bacterias, en que lugares as encontraríamos?

- Por todas as partes: nas augas de ríos, lagos e mares, flotando na atmosfera, no chan, dentro dos seres vivos...

8.- Para obter iogur necesítanse bacterias. Trata de localizar información sobre o proceso de fabricación deste produto.

- RESPUESTA LIBRE

NOTA: Pode orientarse a solución enfocando distintos traballos de investigación: a elaboración de iogures domésticos, a súa obtención a través de procesos industriais, as bacterias específicas do leite (*Lactobacillus* e *Streptococcus thermophilus*...), os aumentos de temperaturas necesarios para o desenvolvemento de bacterias, etc.